



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de MAIO de 2024

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de maio de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso,.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(320).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de abril de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(321).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DO SERVIDOR BASE DE DATOS E BACKUP CORPORATIVA INFORMIX. EXPTE. 10353/113.

Visto o informe xurídico do 25/04/2024 e o informe de fiscalización do 26/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/04/2024, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de actualización e mantemento do servidor base de datos e backup corporativa INFORMIX (expte. 9058-113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de xuño de 2020, á empresa INFORHOUSE, S.L. por un prezo de 116.753,90 euros IVE incluído.

O contrato formalizouse en data 14/07/2020, entrou en vigor o 15/07/2020 e rematando o 14/07/2023.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/02/2024 autorízase a primeira prórroga do contrato a favor da empresa INFORHOUSE, S.L. polo período dun ano, do 15/07/2023 ao 14/07/2024, por importe de 38.917,97 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 6.754,36 euros).

Consta no expediente resolución da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 15 de abril, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses*".
 - No apartado 4.C das FEC indícase: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 2, dun ano de duración cada unha*".



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

- Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2020 a 2023.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que “o *pagamento farase efectivo con periodicidade anual tras a activación das licenzas contratadas*”.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 38.917,97 €, dos cales 6.754,36 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

| Exercicio | Concepto | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-----------|---------------------|-------------------------|-------------|
| 2024 | Mantemento software | 9207.2279902 | 38.917,97 € |

5. A empresa *INFORHOUSE, S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
- Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de actualización e mantemento do servidor base de datos e backup corporativa *INFORMIX* do Concello de Vigo.
- A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. Consta no expediente notificación número 49293/2024 recibida pola empresa con data 16/04/2024 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 15 de abril de 2024, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira-delegada da Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Acordar a PRÓRROGA DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DO SERVIDOR BASE DE DATOS E BACKUP CORPORATIVA INFORMIX (EXPTE 9058-113) polo período dun ano, do 15 de xullo de 2024 ao 14 de xullo de 2025, polo importe total de 38.917,97 € IVE engadido.

2.- Autorizar o gasto de **38.917,97 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

| <i>Partida</i> | <i>Exercicio</i> | <i>IVE</i> | <i>Base</i> | <i>Importe total</i> |
|-------------------------------------|------------------|------------|-------------|----------------------|
| 9207.2279902 Mantemento software | 2024 | 6.754,36 | 32.163,61 | 38.917,97 € |
| Total exercicio 2024 | | | | 38.917,97 € |

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(322).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 17148/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/04/2024, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (Bombeiros)

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

| Núm. Documento RRHH | Ref. 111 | RCA-PO orixe | Sentenza XCA 1 Vigo | Data reclamación considerado na sentenza | Período cómputo considerado na sentenza | Núm. Recurso Casación | Decreto TS que acepta a desistencia obxecto de comunicación |
|---------------------|------------------------|--------------|-----------------------|--|---|-----------------------|---|
| 200156803 | 13001-111 15499-111 | 191/2020 | 100/21, do 01/07/2021 | 31/10/2019 | Outubro 2015 - Decembro 2020 | 8151/2023 | 10/04/2024 |
| 200156818 | 13005-111 15231-111 | 204/2020 | 103/21, do 01/07/2021 | 18/11/2019 | Novembro 2015 - Decembro 2020 | 8549/2023 | 09/04/2024 |
| 200156810 | 13012-111 16002-111 | 208/2020 | 104/21, do 02/07/2021 | 14/11/2019 | Outubro 2015 - Decembro 2020 | 802/2024 | 11/04/2024 |
| 200157303 | 13015-111 15239-111 | 215/2020 | 109/21, do 02/07/2021 | 19/11/2019 | Outubro 2015 - Decembro 2020 | 8825/2023 | 10/04/2024 |
| 200170343 | 13090-111 15720-111 | 243/2020 | 114/21, do 05/07/2021 | 15/11/2019 | Novembro 2015- Decembro 2020 | 7421/2023 | 10/04/2024 |
| 200171646 | 13095-111 15723-111 | 233/2020 | 107/21, do 02/07/2021 | 22/11/2019 | Novembro 2015- Decembro 2020 | 7758/2023 | 10/04/2024 |
| 200259634 | 13293-111 15250-111 | 324/2020 | 112/21, do 02/07/2021 | 21/11/2019 | Novembro 2015- Xaneiro 2021 | 7419/2023 | 10/04/2024 |
| 200260688 | 13297-111 15937-111 | 325/2020 | 118/21, do 05/07/2021 | 21/11/2019 | Novembro 2015- Febreiro 2020 | 2570/2024 | 10/04/2024 |
| 210007662 | 13373-111 15350-111 | 10/2021 | 120/21, do 05/07/2021 | 19/11/2019 | Dende marzo 2017 | 7360/2023 | 11/04/2024 |

Dase conta dos Decretos do TS nos que se acepta a desistencia dos recursos de casación contra as sentenzas do TSXG que inadmitían os seus recursos de apelación contra as sentenzas do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo que resolveron desestimar as reclamacións de responsabilidade patrimonial e unicamente estimar parcialmente as solicitudes relativas ás gratificacións extraordinarias formuladas por varios recorrentes pertencentes ao SPEIS e que non tiveran resolución expresa en vía administrativa. De acordo coas devanditas sentenzas ditadas polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo, deben aboarse as diferencias retributivas resultante de calcular o importe da gratificación por hora extraordinaria c incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, considerando aplicable o criterio fixado pola STSXG do 22 de xuño de 2020 (recurso de apelación 465/2019), pero “descontadas el número de horas de exceso retribuídas en las nóminas conforme al CE factor XI relativo al exceso de la jornada anual (219 h)” desde a data de reclamación e polo período que figuran no propio fallo da sentenza.

2.- Contencioso. Expediente nº 16709/111

Sentenza nº 65 do 17 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 363/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo 28/09/2023 ditada no expediente nº 40901-220 desestimatoria da compensación económica das vacacións non desfrutadas correspondentes aos anos 2021 e 2022.

Expte(s): 40901/220

Contía: 4.458,76

A sentenza estima en parte o recurso e declara non axustada a dereito a resolución municipal desestimatoria de compensación económica das vacacións non gozadas, declarando o dereito do demandante a que abone a cantidade de 1.418,76 euros (14 días vacacións devengadas e non gozadas correspondentes aos anos 2021 e 2022) condenando ao Concello ao seu pago cos intereses establecidos na lei de xurisdición.

En relación as horas de reforzo o concello deberá ditar nova resolución na que motive adecuadamente a decisión que adopte.

A sentenza contra a que cabe interpor recurso de apelación non efectúa imposición de costas procesais.

3.- Contencioso. Expediente nº 16307/111

Decreto nº 8 do 11 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 288/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: resolución da Concelleira-delegada da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 07/07/2023, ditada no expediente nº 41598/220 (permuta Servizo Extinción de Incendios)

Expte(s): 41598/220

Contía: Indeterminada

O decreto acorda ter por desistidos aos recorrentes declarando a terminación do proceso, sen imposición de custas procesuais.

4.Contencioso. Expediente nº 16744/111

Sentenza nº 67 do 2 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 377/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos ao caer coa motocicleta matrícula, cando circulaba pola rúa López Mora intersección coa rúa José Frau.

Expte(s): 7097/243

Contía: 2.907,54 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso interposto polo actor, contra a desestimación da RPA presentada ante o Concello polos danos padecidos na súa motocicleta (2.907,54 euros) por mor dunha caída na calzada ocasionada pola presenza dun verquido que provocou a mesma. O xulgador indica que nestes caso nos que o verquido non queda probado que fora ocasionado polo Concello, nin a súa orixe, nin a existencia doutros accidentes, nin outras cuestións que proben o anormal funcionamento deste Concello, a demanda debe ser desestimada. Sen custas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 16823/111

Sentenza nº 71 do 2 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 16/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Contra desestimación presunta, por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos causados ao vehículo por mor dun desprendemento dun panel de luminaria do nadal, cando se atopaba estacionado na rúa Padre Seixas.

Expte(s): 7054/243

Contía: 1.055,42 €

Sentenza firme pola que se estima o recurso do demandante contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial presentada ante o Concello, polos danos padecidos no seu vehículo como consecuencia da caída dun panel de luces navideño sobre o mesmo. A indemnización ascende a un total de 446,90 euros ao demandante, e 608,52 euros a MAPFRE, cos intereses legais correspondentes. Con custas de 200 euros ao Concello.

Darase traslado da resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 16790/111

Sentenza nº 79 do 11 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 7/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Urzáiz nº 13.

Expte(s): 7120/243

Contía: 14.532,38 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a resolución que resolveu a reclamación de responsabilidade patrimonial por unha caída nunha beirarrúa é axustada a dereito; incluída a contía establecida como indemnización en base ao informe médico de valoración de danos do Dr. Guillén (da aseguradora municipal).

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

7.- Contencioso. Expediente nº 16538/111

Sentenza nº 58 do 27 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 323/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación do recurso de reposición formulado contra decreto que lle impuxo sanción

Expte(s): 310991/280

Contía: 1.000,00 €

A sentenza desestima o recurso ao considerar que a imposición da sanción (económica e de tracción de puntos do carné) de tráfico por circular con taxa de alcol é conforme a dereito e os

defectos de procedemento que se alegan non son relevantes e non causan indefensión; e sen que resulten alterados os feitos sancionados.

Debe coñecer o resolto o departamento de seguridade.

8.- Contencioso. Expediente nº 16802/111

Sentenza nº 70 do 2 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 380/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo que acorda impor unha multa por importe de 1.800 Eur por non identificar ao condutor.

Expte(s): 312882/280

Contía: 1.800,00 €

Sentenza firme pola que se desestima a pretensión da actora, consistente na anulación dunha sanción de 1.800 euros por non identificar á persoa condutora. A actora fixo valer que o vehículo se atopa a nome duna empresa, e a disposición de todos os seus empregados, polo que resultou imposible determinar a persoa que conducía nese momento dito vehículo. O xulgador recorda a obriga da titular do vehículo de identificar o vehículo, e no caso de non poder facelo, a responsabilidade recaerá no propio titular do mesmo. O alegado pola demandante non elimina dita responsabilidade. Imponse 200 euros de custas á demandante.

Darase traslado desta resolución ao servizo de recadación executiva e ao servizo de tráfico-seguridade.

9.- Contencioso. Expediente nº 16949/111

Decreto nº 9 do 8 de abril de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 46/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición formulado o 02/08/2023 contra o apartado 2º da resolución do 03/07/2023 da Concelleira Delegada de Seguridade, que acordou 2º incoar novo procedemento e sancionador contra o condutor/a identificado pola infracción orixinal da que trae causa o presente expediente.

Expte(s): 314272/280

Decreto firme do XCA núm 2 de Vigo, polo que se acorda ter por desistido ao recorrente e se declara a terminación do procedemento, sen pronunciamento de custas. O recurso fora interposto contra a resolución da concellería de Seguridade pola que lle impoñía ao interesado unha sanción de tráfico. Só cabe contra o mesmo recurso de revisión.

Darase traslado deste decreto ao servizo de Seguridade para o seu coñecemento.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 14588/111

Sentenza nº 1449 do 22 de marzo de 2024

TSX Galicia, Sala do Social.

Recurso de suplicación: 3820/2022

Demandante/Recorrente: Empregado municipal



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Obxecto: Persoal dos Servizos Sociais contratado con carácter temporal; pretensión da condición de persoal laboral fixo (xa declarado persoal Laboral temporal indefinido, non fixo).

Esta sentenza resolve a estimación do recurso de suplicación interposto polas demandantes. Non é firme porque cabería a promoción dun recurso de casación, pero a cuestión resolta é estritamente xurídica, non se revisa a resolución da instancia máis que dende unha perspectiva procesual.

Na sentenza se revoga a resolución ditada na instancia e devolve as actuacións ao órgano para que absténdose de apreciar cousa xulgada, resolva sobre o fondo do pretendido polas demandantes.

Ámbalas dúas demandantes teñen a condición de persoal indefinido non fixo do Concello (condenas do Equipo do Plan de Inclusión Social), adscritas a Benestar Social. Pretendían o recoñecemento da condición de persoal fixo do Concello de Vigo, e a sentenza de instancia desestimou a demanda con base no resolto na sentenza na que se lles recoñeceu como indefinidas non fixas.

Nesta sentenza se indica que a pesares da identidade de circunstancias entre un momento procesual -no que demandaron no pasado- e o actual, tanto a xurisprudencia e o dereito europeo como a interpretación do art. 70 do TREBEP mudaron, e xustifica de seu unha nova resposta xudicial sobre o fondo do asunto.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 552/2022 PO X.S. nº 6 de Vigo, sentenza nº 102 do 10/03/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á

administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(323).- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO: CURSO 2024-2025. EXPTE. 264380/301.

Visto o informe xurídico do 23/04/2024 e o informe de fiscalización do 29/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2024, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se

aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o PES e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputárase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas, libros, comedor*”), dotada cun crédito inicial de 1.427.700,00€ , que se distribuirá así: 135.000€ para libros e material escolar e 1.292.700,00€ para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2023/2024 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas) e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG n.º 19, do 29.01.2021), en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue: «*Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*». Así as cousas, enténdese que as axudas escolares do Concello de Vigo participarían desa natureza “*asistencial*” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “*subvencións*” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, ó noso xuízo, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico de referencia.

En calquera caso, dita modificación non ten por qué traducirse nun menor control sobre as axudas que se concedan, toda vez que, á marxe dos controis e xustificacións establecidos na propias Bases, o Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, deu unha nova redacción ó Art. 7.y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, reforzando a obriga das Administracións autonómicas e Entidades Locais de comunicarlle á AEAT a información sobre as axudas concedidas para atender a colectivos en risco social, mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións) e identificando estas axudas coa clave “L” e a subclave 22 (“*L22 - axudas establecidas por Comunidades Autónomas ou por entidades locais para atender, consonte a súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ó seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da LIRPF*”).

O teor literal dese Art. 7, letra y) da LIRPF (“*Rentas exentas*”) é o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

«Estarán exentas las siguientes rentas: (...) y La prestación de la Seguridad Social del Ingreso Mínimo Vital, las prestaciones económicas establecidas por las Comunidades Autónomas en concepto de renta mínima de inserción para garantizar recursos económicos de subsistencia a las personas que carezcan de ellos, así como las demás ayudas establecidas por estas o por entidades locales para atender, con arreglo a su normativa, a colectivos en riesgo de exclusión social, situaciones de emergencia social, necesidades habitacionales de personas sin recursos o necesidades de alimentación, escolarización y demás necesidades básicas de menores o personas con discapacidad cuando ellos y las personas a su cargo, carezcan de medios económicos suficientes, hasta un importe máximo anual conjunto de 1,5 veces el indicador público de rentas de efectos múltiples. Asimismo, estarán exentas las ayudas concedidas a las víctimas de delitos violentos a que se refiere la Ley 35/1995, de 11 de diciembre, de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual, y las ayudas previstas en la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, y demás ayudas públicas satisfechas a víctimas de violencia de género por tal condición».

I.9. Polo demais, o contido material destas Bases é moi semellante ó do anterior exercicio 2023/2024. **As únicas NOVIDADES salientables serían as seguintes:**

- Na determinación da renda da unidade familiar, increméntase o importe máximo admitido en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, ata un máximo de seiscentos (600) €/mes (antes: 500€/mes). Afecta á Base sexta.
- Na Base décimo segunda (Apdo. 12.5, 2º pfo.) introdúcese a seguinte previsión: “A publicación da resolución no taboleiro oficial de Anuncios e Editos do Concello de Vigo, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal substituirá á notificación, surtindo os seus mesmos efectos, tal como se establece no Art. 45.1.b) da L.39/2015, do 1 de outubro (LPACAP)”. Afecta á precitada Base décimo segunda.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024/2025», elaboradas polo Sevizo de Benestar Social do Concello de Vigo, co texto que figura nos documentos incorporados cos trámites núms. 10 (Bases) e 11-13 (Anexos I, II e III) ó Exp. nº 264380/301 (2024).

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 135.000€ para axudas de libros e material escolar ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.292.700,00€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2024/2025. Desta cantidade, 341.400,87€ imputaranse ó exercicio de 2024 e o resto, 951.299,13€, ó exercicio de 2025. A contía do ano 2025 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

CUARTO: Aprobar a convocatoria deste Programa de axudas escolares municipais para o Curso 2024/2025 que deberá ser publicada no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo. Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 250.000€.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024-2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro)

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Así as cousas, un ano máis promóvese desde a Concellería de Política Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido polas Bases do Programa, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificada pola L.4/2021, do 28 de xaneiro), os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación a este tipo de prestacións sociais.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso escolar 2024-2025.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e de conciliación da súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das axudas de comedor é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Programas de axudas.

Serán de dous tipos:

1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible, mochila, uniforme, etc.).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

2. Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo.

A publicación das presentes Bases realizarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web do Concello de Vigo. Anunciarase igualmente por eses medios a convocatoria e o prazo de presentación de solicitudes, que será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial daquela.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor – (ordenadas numericamente), expediente de servizos sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, finalidade da axuda (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

CUARTA.- Destinatarios de comedor.

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse axudas para comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as deberán estar matriculados/as no curso 2024-2025 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

•Educación Infantil (2ª etapa)

3 a 5 anos

| | |
|--|--------------|
| •Educación Primaria (1º a 6º) | 6 a 12 anos |
| 1.Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) | 12 a 16 anos |

QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través da “Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca” (FOANPA), comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco poderán acceder os/as alumnos/as suxeitos a calquera medida de protección de menores resolta pola Xunta de Galicia, agás aqueles que estean suxeitos ó réxime de acollemento familiar, tanto en familia extensa como en familia allea, que cumprirán os requisitos xerais que se recollen na Base sexta.

A teor do disposto no Art. 7, letra y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, na redacción dada polo Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, están exentas de IRPF, entre outras, as axudas establecidas pola entidades locais para atender as necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores por carecer as súas familias de medios económicos suficientes e ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o IPREM.

SEXTA.- Requisitos xerais.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- a)Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Servizo de Benestar Social).
- b)Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c)Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d)Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e)Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

| UNIDADE FAMILIAR | IMPORTE MÁXIMO MENSUAL | IMPORTE MÁXIMO ANUAL |
|------------------|------------------------|----------------------|
| 3 | 1.407,60€ | 16.891,20€ |
| 4 | 1.876,80€ | 22.521,60€ |
| 5 | 2.346,00€ | 28.152,00€ |
| 6 | 2.815,20€ | 33.782,40€ |
| 7 | 3.284,40€ | 39.412,80€ |
| 8 | 3.753,60€ | 45.043,20€ |
| 9 | 4.222,80€ | 50.673,60€ |
| 10 | 4.692,00€ | 56.304,00€ |

A renda *per cápita* da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2023), descontando os gastos de vivenda, entre o número de membros computables.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

Teranse en conta os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, ata un máximo de seiscientos euros ó mes (600€/mes).

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os

interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2024.

Para os efectos destas axudas enténdese por “*unidade familiar de convivencia*”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadramento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que concorra esta circunstancia.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 da LXS (L.38/2003) e, concretamente, no Art. 2.2.a) da LSG (L.9/2007), modificado pola L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Solicitud e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha (1) solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante e dos membros maiores de dezoito (18) anos, sempre que non consten xa na base de datos do Servizo de Benestar Social.

7.2. Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Servizo.

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2023 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desempre-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

go, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia (*).

(*) A documentación indicada nos apartados 7.3 e 7.4 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).

7.6. De ser o caso, contrato de aluguer e dous (2) xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous (2) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a)
- Enderezo da vivenda alugada
- Mes e importe pagado.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

- Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).
- Recibos de pagamento dos dous (2) meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas

7.9. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller”.

7.10. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.12. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Servizo de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA.- Presentación de solicitudes.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Servizo de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

DECIMA.- Criterios de valoración.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos do ano 2023 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, a renda *per cápita* considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2024.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para estes mesmos efectos, computará por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederase por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración.

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira de Política Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas.

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda *per cápita anual* da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a axuda individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.

- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non achegan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as.
- Matriculado nun centro privado sen concerto.

- Superar os ingresos.
- O centro non conta co servizo de comedor.
- O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
- Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Libros: o curso que se solicita non se inclúe nas axudas deste programa.
- Libros: na modalidade excepcional, non son obxecto de axuda.

-Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda *per cápita*, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e comedor que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas, libros, comedor*”) do orzamento de Benestar Social do Concello e, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

A publicación da resolución no taboleiro oficial de Anuncios e Editos do Concello de Vigo, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal substituirá á notificación, surtindo os seus mesmos efectos, tal como se establece no Art. 45.1.b) da L.39/2015, do 1 de outubro (LPACAP).

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política Social resolverá, por proposta do Servizo instrutor do procedemento, a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación da axuda.

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación.

- Contía para libros e material escolar:

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 100,00 € / alumno/a.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia beneficiaria, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do/a beneficiario/a, ó/á profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

- **Contía para comedor:**

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 45€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 33€ por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

- **Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:**

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos nos correspondentes convenios. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Servizo de Benestar Social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Servizo de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaranse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.

- Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Servizo de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.

- Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Servizo de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as con axudas de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houbera.

As direccións dos centros emitirán unha certificación mensual ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A Concellería de Política Social porá a disposición dos directores dos centros un modelo de certificado que facilite a tramitación telemática das certificacións.

Para o caso de que durante o curso escolar 2024-2025 se producise unha situación extraordinaria que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (*“Becas, libros, comedor”*), ou, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas as previstas nestas Bases e na restante normativa de aplicación e, entre elas, as seguintes:

- O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (45€/mes, agás os meses de decembro e abril), ten a obriga de gastar o importe total mensual da axuda dentro do mes.
- Comunicar ó Servizo de Benestar Social ou ó centro educativo a baixa.
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.
- O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda a percibir.

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador.

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a axuda concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

De ser o caso, serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, o Plan Estratéxico de subvencións 2024 – 2027, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

5(324).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA (AQS) DOS COLEXIOS PÚBLICOS E OUTROS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26422/332.

Visto o informe de fiscalización do 25/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aqs) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedementoaberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aqs) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/08/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 27/11/2023 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

expediente para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria de Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 417.580,20 € (345.107,61 € máis 72.472,59 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento integral de instalacións de calefacción e auga quente sanitaria de Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0000 "Mantemento Caldeiras, Calefacción e Depósitos G", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2024: 139.193,40 euros;*
- Anualidade 2025: 139.193,40 euros;*
- Anualidade 2026: 139.193,40 euros.*

O valor estimado do contrato estipúlase en 575.179,35 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 5 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 20 de marzo de 2024.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332) na seguinte orde descendente:

| | EMPRESA | PUNTUACIÓN TOTAL |
|-----------|------------------------------------|-------------------------|
| 1º | AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. | 96,00 |
| 2º | SACYR FACILITIES, S.A. | 80,93 |
| 3º | JESÚS SOAGE LOIRA | 72,07 |
| 4º | MONCOBRA, S.A. | 65,89 |

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que debe acreditarse a habilitación profesional esixida segundo o apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.), o día 8 de abril de 2024, que presenta a documentación requirida o 18 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, a de cambio de denominación social e a de perda da unipersoalidade, xunto co NIF, así como a escritura de apoderamento da representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (97.435,38 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (97.435,38 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe cada un de 13.892,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificados positivos de débedas da AEAT e a TGSS.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 28 de febreiro de 2024 e 20 de marzo de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de ELEC NOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 20 de marzo de 2024.*
2. *Adxudicar a AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U. (agora CLECE FS, S.A.) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 336.186,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 58.346,42 euros.*

- b) *Comprométese a incrementar o importe mínimo esixido na cláusula 4.3 do PPT (10.000 €/ano sen IVE) destinado ao mantemento en 10.000 € (dez mil euros) (sen IVE) .*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(325).- ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO. EXPTE. 11434/307.

Visto o informe de fiscalización do 26/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 25/04/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 29 de decembro de 2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 5 de febreiro de 2024.

4º.- Autorizar o gasto:

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 169.438,84 euros

B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 29.406,74 euros

C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 140.032,10 euros

D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

| Anualidade | Datas | Importes | Partidas |
|------------|--------------------------|-----------------|---|
| 2024 | 23/07/2024 31/12/2024 | 36.565,35 euros | 3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro |
| 2025 | 01/01/2025 31/12/2025 | 80.000 euros | 3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro |
| | | 4.473,05 euros | 3360.2260900. Representacións histórico-cultural |
| 2026 | 01/01/2026 22/07/2026 | 48.400,44 euros | 3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro |

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|--------------------------------|------------------|
| 1 | VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. | 100,00 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o día 12 de abril de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e a de ampliación do obxecto social, xunto coa escritura de nomeamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (59.303,59 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (59.303,59 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do contrato do importe da garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de 8 de abril de 2024, e o acordo da Mesa de Contratación, de data 11 de abril de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. o procedemento aberto dos servizos de divulgación dos espazos musealizados da fortaleza de Vigo (11434-307) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 163.888,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.443,38 euros.*
- b) Incrementa a experiencia do coordinador e responsable do servizo con respecto ao mínimo esixido no apartado 5F desta FEC (5 anos) entre 11 e 15 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(326).- TOMA DE RAZÓN DA SUCESIÓN POR TRANSMISIÓN DE RAMA DE ACTIVIDADE DE CLECE, S.A. A FAVOR DE AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS,

S.A.U., NO CONTRATO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. 9194/336.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/04/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Concelleira de Turismo e Xuventude, en resolución do 19 de setembro de 2022, adxudicou a CLECE, S.A. o contrato dos servizos de mantemento das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao servizo de Xuventude, tramitado como procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

O contrato formalizouse o mesmo día, por un prazo de dous anos, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Segundo.- O 12 de setembro de 2023, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº R20230029859) a empresa CLECE, S.A. comunica a transmisión de rama de actividade a favor de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U, mediante a segregación e escisión parcial de rama de actividade, achegando declaración responsable de CLECE, S.A. na que se responsabiliza solidariamente con AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U.

Xunto coa solicitude achega escritura de segregación da unidade económica da sociedade CLECE, S.A. (como sociedade segregada) a favor de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U., (como sociedade beneficiaria), outorgada perante o notario de Madrid, D. Alberto Bravo Olaciregui o 28 de xullo de 2023.

Terceiro.- Consta no expediente o certificado de inscrición no ROLECE de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, así como os certificados de non existencia de débedas coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e facenda municipal deste concello.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Primeiro.- Segundo o artigo 98 “*Supostos de sucesión do contratista*” da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público “*nos casos de división, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúe o contrato, que se subrogará nos dereitos e obrigas derivados dela, sempre que cumpra as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar e a solvencia requirida ao acordar a adxudicación ou que as distintas empresas beneficiarias das operacións mencionadas e, se subsisten, a empresa da que proceden os activos, empresas ou sucursais segregadas, son responsables solidarios da execución do contrato. Se a subrogación non se puidese producir porque a entidade á que se atribúe o contrato non reúne as condicións de solvencia necesarias, rescindirase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario*”.

Consta no expediente declaración responsable de Miguel Ángel Rodríguez Vijande, en nome e representación de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U., na que manifesta que esta mercantil reúne as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar, e solvencia esixidos nos pregos que rexen este contrato, polo que en virtude do citado artigo, se subroga en todos os dereitos e obrigas dimanantes do contrato.

A acreditación da representación despréndese da escritura de segregación e da certificación do ROLECE a inexistencia de prohibición para contratar.

Segundo.- O presente contrato tramitouse como procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, polo que non se esixiu garantía definitiva, razón pola que no procede solicitar a entidade subrogada a constitución da mesma.

Terceiro.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

En base aa anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**

“Tomar razón da sucesión por transmisión de rama de actividade de CLECE, S.A. a favor de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U., responsabilizándose solidariamente da execución do contrato dos servizos de mantemento das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao servizo de Xuventude, adxudicado por resolución da Concelleira de Turismo e Xuventude, do 19 de setembro de 2022”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(327).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE TRASNOS BC EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23499/333.

Visto o informe xurídico de data 20/03/2024 e o informe de fiscalización de data 23/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/03/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890012 a favor da entidade TRASNOS BC polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TRASNOS BC conta cun equipo de elite na modalidade de Béisbol na categoría Liga Nacional de Primeira División actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TRASNOS BC e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é una das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade TRASNOS BC para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890012 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TRASNOS BC durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva TRASNOS BC para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: TRASNOS BÉISBOL CLUB co CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210 (36206), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23499-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.0012 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRASNOS BC EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23499-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Fernando Manuel Rodríguez Villanueva como presidente da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210 (36206), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23499/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TRASNOS BC durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría 1ª División-Liga Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Trasnós Béisbol Club desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TRASNOS BC impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Béisbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890012 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva TRASNOS BC.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade TRASNOS BC na tempada deportiva 2023-2024.

VI.- Que a entidade TRASNOS BC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23499-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TRASNOS BC conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade TRASNOS BC comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Béisbol na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade TRASNOS BC na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TRASNOS BC (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TRASNOS BC unha subvención por importe de 18.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890012 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrência competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartalaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.

b) O acordo unánime dos asinantes.

c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando

automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

9(328).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACION DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2024. EXPTE. 23587/333.

Visto o informe xurídico de data 19/04/2024 e o informe de fiscalización de data 29/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos, entre outros, con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio á dinamización de proxectos e eventos deportivos que potencien e promocionen a actividade deportiva nas súas diferentes manifestacións.

c.- A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuindo entre outras cuestións, en liña co establecido no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acollidora de eventos deportivos como ferramenta de apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, apoiar o desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, fomentar o desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

d.- A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

2.- FUNDAMENTOS.

a.- CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Os obxectivos xerais da convocatoria responde ó interese por impulsar a celebración de grandes eventos deportivos na cidade de Vigo, potenciando sinerxías no ámbito social e deportivo, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola actividade deportiva.
- A busca do impulso de proxectos de interese para a cidadanía.
- O impulso do compromiso da sociedade cos valores do deporte.
- A Colaboración co tecido asociativo deportivo da nosa cidade.
- A dinamización do deporte a través de proxectos de deporte de alto nivel.
- O financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento de eventos deportivos na cidade, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.01 "subvencións a eventos deportivos" e a súa bolsa de vinculación, un crédito por un importe total de 100.000,00€ (Cen mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de subvencionar os eventos deportivos que se celebran na cidade de Vigo ó longo do ano 2024.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do

Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

b.- MOTIVACIÓN:

O desenvolvemento desta convocatoria considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Os antecedentes que obran no servizo de deportes identifican claramente a repercusión e o retorno para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Os eventos deportivos, ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecen a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, que impulsarán ó comercio local, ofrecerán un entorno de deporte-espectáculo e promoverán obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

O desenvolvemento desta proposta considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha convocatoria de subvencións orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2024 e súa convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

SEGUNDO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 100.000,00€ (Cen mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento da Concellería de deportes do ano 2024 e a súa bolsa de vinculación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2024.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas para a organización de eventos deportivos na cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 contemplan na aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 "subvencións a eventos deportivos" e a súa bolsa de vinculación, o crédito necesario para por un importe total de 100.000,00€ (Cen mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a subvencionar eventos deportivos que se celebran na cidade de Vigo no ano 2024.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións ás que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo ó longo do ano 2024.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os relativos ós eventos deportivos que de xeito determinado sexan ocasionados no ámbito das necesidades vinculadas á organización dos eventos deportivos en esta convocatoria. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados ao redor da organización dos eventos deportivos, quedando excluídos os gastos por investimento (compra de equipos informáticos, equipamento deportivo, etc) e obras en instalacións deportivas.

As subvencións teñen un carácter único entendéndose que o total da subvención é polos gastos xerados polo evento subvencionado.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O crédito máximo destinado a estas subvencións será de 100.000,00€ (Cen mil euros) que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 "Subvencións a eventos deportivos" e a súa bolsa de vinculación.

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións ou axudas tramitadas no Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria e/ou xa Subvencionado polo Concello de Vigo.

2.- As beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas:

- Os clubs deportivos, asociacións deportivas, agrupacións deportivas e Federacións deportivas Galegas, que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
- Eventos cun orzamento de gastos igual ou superior a 30.000,00€.
- Eventos que obteñan unha puntuación mínima de 25 puntos nos criterios de valoración.

2. Causas de exclusión:

2.1.-Quedan excluídos os seguintes tipos de entidades:

- As Entidades con ánimo de lucro.
- Os clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros escolares, Universidades e Fundacións.
- As entidades que reciban subvencións ou axudas do Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria.

2.2.- Quedarán excluídos:

- Eventos cun orzamento de gastos inferior a 30.000,00€
- Eventos cun % de financiamento propio e alleo distinto ó do Concello inferior ó 50%.
- Eventos que obteñan unha puntuación inferior a 25 puntos nos criterios de valoración.
- Eventos de deporte non Federado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

•Campus, campamentos, xornadas de formación, cursos, actividades e proxectos escolares, Festivais, actividades internas non abertas á participación xeral e actividades análogas.

3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- Xustificar axeitadamente o cumprimento das obrigas incluídas nas bases da convocatoria.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 52 puntos. Serán excluídos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima de 25 puntos.

1.1.- % Financiamento recursos distintos á subvención do Concello

| | |
|------|-----------|
| ≥80% | 10 puntos |
| ≥70% | 6 puntos |
| ≥50% | 3 puntos |

1.2.- Orzamento de gastos

| | |
|-----------|-----------|
| ≥ 80.000€ | 10 puntos |
| ≥ 50.000€ | 8 puntos |
| ≥ 30.000€ | 4 puntos |

1.3.- Días de competición efectiva

| | |
|---------------|----------|
| 5 o máis días | 8 puntos |
|---------------|----------|

| | |
|---------------|----------|
| De 3 a 4 días | 5 puntos |
| 2 días | 2 puntos |
| 1 día | 1 punto |

1.4.- Tipo de competición.

| | |
|--------------------------------|----------|
| Campionato do Mundo/Europa | 8 puntos |
| Proba de Copa do Mundo/Europa | 6 puntos |
| Circuito Internacional Oficial | 5 puntos |
| Resto de eventos | 1 punto |

1.5.- Nº de edicións celebradas (Certificado pola Federación correspondente).

| | |
|---------------------|----------|
| 16 o máis edicións | 3 puntos |
| De 11 a 15 edicións | 2 puntos |
| De 6 a 10 edicións | 1 puntos |
| <5 edicións | 0 puntos |

1.6.- Participación

| | |
|-------------------|----------|
| ≥ 150 deportistas | 8 puntos |
| ≥ 75 deportistas | 5 puntos |
| ≥ 40 deportistas | 3 puntos |
| < 40 deportistas | 0 puntos |

1.7.- Ámbito participantes (Acreditado documentalmete).

| | Nº Países | Puntos |
|----------------------|--|----------|
| Deportes de equipo | ≥ 8 equipos de países distintos a España | 5 puntos |
| | ≥ 5 equipos de países distintos a España | 2 puntos |
| | <5 equipos de países distintos a España | 1 puntos |
| Deportes individuais | ≥ 8 países (5 deportistas mínimo por país) | 5 puntos |
| | ≥ 5 países (5 deportistas mínimo por país) | 2 puntos |
| | < 5 países (5 deportistas mínimo por país) | 1 puntos |

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS E LÍMITES.

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase en orde de prelación, ata esgotar o crédito dispoñible, entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

Crearase unha lista de garda coas entidades admitidas que quedaran sen subvención, de tal forma que no caso de que as entidades inicialmente beneficiarias non confirmen de forma expresa no prazo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

de 10 días dende a recepción da notificación de resolución a aceptación da subvención, o importe destinarase en orden de prelación ás seguintes ata esgotar o crédito dispoñible

2.- Límites:

2.1.- Poderá presentarse como máximo unha solicitude de subvención por entidade para un único evento deportivo.

2.2.- Importe máximo das subvencións por beneficiario:

- o 10.000,00€.

2.3.- O porcentaxe máximo a subvencionar sobre o orzamento de gastos dos eventos será:

| Puntuación conseguida | Importe e % máximo subvencionado |
|-----------------------|--|
| > 30 puntos | Ata o 50% do orzamento de gastos ata un máximo de 10.000,00€ |
| Entre 25 e 30 puntos | Ata o 40% do orzamento de gastos ata un máximo de 10.000,00€ |

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local. As solicitudes ordenaranse en orde de prelación segundo as puntuacións acadadas en función dos criterios de baremación ata esgotar o crédito total.

Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:

1º.- Mellor puntuación no apartado 1.1 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.

2º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.4 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.

3º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.2 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.

4º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.6 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.

5º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.3 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.

6º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.5 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.

7º.- En caso de persistir o empate, mellor puntuación no apartado 1.7 dos criterios de concesión da cláusula Sétima.

8º.- En caso de persistir o empate maior número de participantes.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

As entidades só poderán presentar unha única solicitude, e para un evento deportivo.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que rematen os prazos outorgados para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do evento.
3. Anexo I.3: Declaración responsable.
4. Anexo I.4: Certificado emitido pola Federación da modalidade.
5. Proxecto completo de actividade.
6. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
7. Copia do DNI da persoa representante da entidade que formula a solicitude de subvención
8. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
9. Copia do CIF da entidade solicitante.
10. Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa **Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a AEAT.**

3.- De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase o estado de débedas das entidades co Concello de Vigo. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitada no formulario e achegar o documento.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo do servizo de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Os beneficiarios deberán confirmar de forma expresa, no prazo de 10 días dende a recepción da notificación de resolución, a aceptación ou renuncia á subvención. No caso de non realizar dito trámite, a solicitude arquivarase de forma definitiva ao entenderse que o beneficiario renuncia á subvención.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

1.- As beneficiarias deberán presentar facturas por un importe mínimo do **80% do orzamento total de gastos** presentado na solicitude de subvención.

2.- As beneficiarias das subvencións teñen un prazo de 30 días naturais dende a data da finalización do evento para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Excepcións:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

- No caso de que a resolución de concesión da subvención sexa posterior á celebración do evento, o prazo será de 30 días dende a notificación da resolución de concesión, coa data límite do 15.11.24.
- Para os eventos celebrados entre o 16.09.24 e o 15.12.24, o prazo máximo para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos será de 30 días naturais con carácter xeral, aínda que co límite do 17.12.24.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. "Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan".

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación.
- Anexo II.2. Declaración responsable
- Anexo II.3. Balance de ingresos e gastos
- Documentación que acredite a **participación efectiva** no evento deportivo, que deberá ser, como mínimo, a detallada na solicitude de subvención e que serviu de referencia para a puntuación.
- Documentación que acredite a **duración efectiva da competición**, que deberá ser, como mínimo, a detallada na solicitude de subvención e que serviu de referencia para a puntuación.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do proxecto subvencionado cuns contidos que permitan comprobar dito cumprimento.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado por un porcentaxe mínimo do 80% do orzamento total de gastos presentado coa solicitude, coas seguintes especificidades:
 - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais por como mínimo o 80% do orzamento total de gastos, e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo 20% do gasto do proxecto pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
 - Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos será necesario que conste de forma expresa que os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
- **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponíble do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en

relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS.

1.Perda do dereito ao cobro:

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumplimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumplimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos

seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

ANEXOS

| ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE | | | | | | | |
|--|--|--|--------|-------------|------|---------|--|
| SOLICITUDE SUBVENCIÓN POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2024 | | | | | | | |
| Entidade | | | | | CIF: | | |
| Modalidade: | | | | | | | |
| Enderezo | | | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf. 1 | | | Tlf.2 | | | | |
| E-Mail a efectos de notificación | | | | | | | |
| E na súa representación, co cargo de Presidente/a: | | | | | | | |
| Apelidos: | | | Nome: | | | DNI: | |
| Enderezo: | | | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf 1: | | | Tlf 2: | | | E-mail: | |

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención con cargo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas **pola organización de eventos deportivos no ano 2024 por importe de:**

| | |
|---|---|
| IMPORTE SOLICITADO (Campo obrigatorio) | € |
|---|---|

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do evento.
3. Anexo I.3: Declaración responsable.
4. Anexo I.4: Certificado emitido pola Federación da modalidade.
5. Proxecto completo de actividade.
6. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
7. Copia do DNI da persoa representante da entidade que formula a solicitude de subvención
8. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
9. Copia do CIF da entidade solicitante.
10. Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Socia e a AEAT.

ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos as obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social. No caso de non outorgar o consentimento deberá marcar a seguinte casilla: En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social.

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Sinatura dixital do/a presidente/a

Vigo, de de 20__

Sr. CONCELEIRO DELEGADO DE DEPORTES

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

| | | | |
|---|--|-------------|--|
| Don/Dna. | | DNI. | |
| Secretario/a da entidade deportiva | | CIF | |

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para o evento obxecto da solicitude:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|--------------------|-------------------|
| Concello de Vigo (Importe solicitado no anexo I.1). | € | € |
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

- Que esta entidade deportiva non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta na acta nº da sesión da xunta directiva celebrada na data, D/Dna..... con DNI:, figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.
- Que o Nº de conta actual da entidade na que solicita se faga o ingreso da subvención é:

| Nº IBAN | ENTIDADE | SUCURSAL | DC | NÚMERO DE CONTA |
|---------|----------|----------|----|-----------------|
| Vigo, | | | de | de 20 |

| | |
|------------------------------------|---------------------------|
| Sinatura dixital do/a secretario/a | Conforme o/a presidente/a |
|------------------------------------|---------------------------|

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Certificado a completar pola Federación deportiva.

ANEXO I.4.-DECLARACIÓN RESPONSABLE DA FEDERACIÓN

| | | | |
|--|--|------|--|
| Don/Dna. | | DNI. | |
| Secretario/a da Fed. Galega da modalidade de | | CIF | |

CERTIFICA que son certos os datos que a continuación se detallan en relación ó evento deportivo que a continuación se detalla:

1. Que a entidade _____ CIF _____ se atopa adscrita á Federación de _____ na tempada deportiva 2023/2024 ou no ano 2024.

2.- Que segundo consta nos antecedentes obrantes nesta Federación, o evento deportivo _____ celebra no ano 2024 a súa edición número _____ e a entidade _____ CIF _____ consta como organizadora.

En _____ a _____ de _____ de 2024

| | |
|---|---|
| Sinatura dixital do/a secretario/a Federación | Sinatura dixital do/a presidente/a Federación |
|---|---|

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

| | | | |
|--------------------------|--|------|--|
| D/Dna. | | DNI: | |
| Secretario/a da Entidade | | CIF: | |

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de€ (CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. **De non ser así**, marcar:
- Que esta entidade deportiva ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|--------------------|-------------------|
| CONCELLO DE VIGO | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

Vigo, de de 2024

| | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Sinatura dixital do/da secretario/a | Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|-------------------------------------|-------------------------------------|

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lícito das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO III.1.

Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2024.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo ó longo do ano 2024.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O crédito máximo destinado a estas subvencións será de 100.000,00€ (Cen mil euros) que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 "Subvencións a eventos deportivos" e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas:

- Os clubs deportivos, asociacións deportivas, agrupacións deportivas e Federacións deportivas Galegas, que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
- Eventos cun orzamento de gastos igual ou superior a 30.000,00€.
- Eventos que obteñan unha puntuación mínima de 25 puntos nos criterios de valoración.

2. Causas de exclusión:

2.1.-Quedan excluídos os seguintes tipos de entidades:

- As Entidades con ánimo de lucro.
- Os clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros escolares, Universidades e Fundacións.
- As entidades que reciban subvencións ou axudas do Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria.

2.2.- Quedarán excluídos:

- Eventos cun orzamento de gastos inferior a 30.000,00€
- Eventos cun % de financiamento propio e alleo distinto ó do Concello inferior ó 50%.
- Eventos que obteñan unha puntuación inferior a 25 puntos nos criterios de valoración.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

- Eventos de deporte non Federado.
- Campus, campamentos, xornadas de formación, cursos, actividades e proxectos escolares, Festivais, actividades internas non abertas á participación xeral e actividades análogas.

3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións teñen un prazo de 30 días naturais dende a data da finalización do evento para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Excepcións:

- No caso de que a resolución de concesión da subvención sexa posterior á celebración do evento, o prazo será de 30 días dende a notificación da resolución de concesión, coa data límite do 15.11.24.
- Para os eventos celebrados entre o 16.09.24 e o 15.12.24, o prazo máximo para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos será de 30 días naturais con carácter xeral, aínda que co límite do 17.12.24.

NOVENA.- PAGO.

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data de 2024, polo que se aproba a convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2024.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a financiar os gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo ó longo do ano 2024.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 100.000,00€ (Cen mil euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Os clubs deportivos, asociacións deportivas, agrupacións deportivas e Federacións deportivas Galegas, que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións teñen un prazo de 30 días naturais dende a data da finalización do evento para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Excepcións:

- No caso de que a resolución de concesión da subvención sexa posterior á celebración do evento, o prazo será de 30 días dende a notificación da resolución de concesión, coa data límite do 15.11.24.
- Para os eventos celebrados entre o 16.09.24 e o 15.12.24, o prazo máximo para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos será de 30 días naturais con carácter xeral, aínda que co límite do 17.12.24.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

10(329).- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS, DIVIDIDOS EN LOTES, DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP: LOTE 7 “SEGURO COLECTIVO DE VIDA”. 42066/220.

Visto o informe xurídico do 25/04/2024 e o informe de fiscalización do 29/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área e Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Adhesión á Central de Contratación da FEMP: Conforme o acordo expreso da Xunta de Goberno Local de data de 17.02.2022, a Entidade Local do Concello de Vigo atópase adherida á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación o servizo das súas entidades locais asociadas.
2. A FEMP, a través da súa Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros (o “**Acuerdo Marco**”), dividido en lotes por tipoloxía de entidades locais e ramo de seguros, con base nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (“**PCA**”) e os Pregos de Prescricións Técnicas (“**PPT**”) resultando adxudicatarias as seguintes empresas:

| LOTES | Adjudicatarios |
|--|--|
| LOTE 1. Seguro de danos materiais para Entidades Locais e entes dependentes con rango ata 10.000 habitantes. | MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A. OCCIDENT GCO SA DE SEGUROS Y REASEGUROS |
| LOTE 2. Seguro de danos materiais para Entidades Locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes. | OCCIDENT GCO SA DE SEGUROS Y REASEGUROS |
| LOTE 3. Seguro de responsabilidade civil patrimonial para Entidades Locais e entes dependentes con rango ata 20.000 habitantes. | ALLIANZ CIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA |
| LOTE 4. Seguro de responsabilidade civil patrimonial para Entidades Locais e entes dependentes con rango superior a 20.000 habitantes. | ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA |

| | |
|---|--|
| LOTE 5. Seguro de responsabilidade civil de altos cargos e persoal electo | AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA |
| LOTE 6. Seguro para flotas de vehículos | OCCIDENT GCO SA DE SEGUROS Y REASEGUROS |
| LOTE 7. Seguro colectivo de vida. | NATIONAL NEDERLANDEN VIDA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. ESPAÑOLA |
| LOTE 8. Seguro colectivo de accidentes | AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA |

3. Dito Acordo Marco adxudicouse en todos os seus Lotes con data de 11 de febreiro do 2021, estando formalizado o Acordo Marco o 12 de marzo do 2021 e estando o mesmo prorrogado ata o vindeiro 12 de setembro do 2024.

En dita licitación, a FEMP ten observado todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo por tanto a LCSP.

4. O Acordo Marco ten unha vixencia que varía en función dos lotes e se resume na seguinte taboa:

| LOTE | SERVICIOS DE SEGURO | DURACIÓN |
|--------|--|-----------|
| LOTE 1 | Seguro de danos materiais para Entidades con rango de ata 10.000 habitantes | 5. 2 ANOS |
| LOTE 2 | Seguro de danos materiais para Entidades con rango superior a 10.000 habitantes | 6. 2 ANOS |
| LOTE 3 | Seguro de responsabilidade civil e patrimonial para Entidades con rango de ata 20.000 habitantes | 7. 1 ANO |
| LOTE 4 | Seguro de responsabilidade civil e patrimonial para Entidades con rango superior a 20.000 habitantes | 8. 1 ANO |
| LOTE 5 | Seguro de responsabilidade civil de altos cargos e persoal electo | 9. 1 ANO |
| LOTE 6 | Seguro de flotas de vehículos | 10.2 ANOS |
| LOTE 7 | Seguro colectivo de vida | 11.2 ANOS |
| LOTE 8 | Seguro colectivo de accidentes | 12.2 ANOS |



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

5. Con base no citado Acordo Marco, esta Entidade Local pode suscribir o correspondente Contrato baseado con unha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco, según o Lote correspondente, cuxo obxeto comprenderá a contratación dos seguros referidos no Acordo Marco nas condicións que establécense no PCA e no PPT.

6. En data do pasado 24.04.2023, enviouse o Documento de Invitación á empresa adxudicataria do lote 8 de dito Acordo Marco, NATIONALE-NEDERLANDEM VIDA (CIF: A81946485).

7. Con data do 06.04.2023 procedeuse a comunicar a adxudicación do Contrato baseado á empresa adxudicataria NATIONALE-NEDERLANDEM VIDA a través da plataforma informática da Central de Contratación.

8. A duración do Contrato baseado según o establecido na resolución de adxudicación é dun (1) ano, sendo posible a súa prórroga por un (1) ano adicional (máximo dous (2) anos de duración).

9. A cláusula 12 do lote 7 do PPT, establece: "que si o número de efectivos totais é un 5% maior ou menor do número de efectivos comunicado o cálculo da prima de renovación efectuarase aplicando a tarifa de primas ofertada no concurso que serviu de base para o cálculo da prima de adxudicación da primeira anualidade do seguro á nova relación de asegurados correspondente ó ano a que se refira a prórroga..", actualizado o listado de persoal (incluído persoal interino e temporal) de todo o Concello como consecuencia de altas e baixas, superase, co que en base ao informe anexoado ao presente expediente da Correduría de Seguros Willis Iberia, superase este 5%, polo que suporía un incremento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. O PCA do Acordo Marco prevé na súa cláusula 21.5 a posibilidade de solicitar prórrogas nos seus contratos baseados, conforme o seguinte procedemento:

"La duración ordinaria de los Contratos basados será de un año, pudiendo prorrogarse por un año más (2 años de duración máxima), sin modificar las restantes condiciones del Contrato basado, salvo aquellas previstas por el presente pliego y demás legislación vigente.

Se exceptúa de esta regla general los contratos basados de seguros de responsabilidad civil de funcionarios y altos cargos de la administración (Lote 5), cuya duración será solo de 1 año, sin posibilidad de prórrogas.

Conforme a lo dispuesto en el artículo 29.2 de la LCSP, la prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato basado.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes.

Se exceptúa de esta regla general el supuesto regulado en el apartado 21.10 de este Pliego sobre la "falta de rentabilidad derivada del aumento de la siniestralidad". En este caso, la prórroga deberá articularse de mutuo acuerdo entre las partes, pudiendo, si se estima necesario, modificarse el Contrato basado conforme a lo indicado en dicha cláusula 21.10.

La prórroga del Contrato basado establecida en esta cláusula no será obligatoria para el contratista en los casos en que en el contrato se dé la causa de resolución establecida en el artículo 198.6 de la LCSP, por haberse demorado la Administración en el abono del precio más de seis meses.

Si fuera necesario continuar con la prestación objeto del contrato, cuando al vencimiento o denuncia del contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de seis meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato".

SEGUNDO. De conformidade co indicado na referida cláusula 21.5 do PCA, este contrato é susceptible de prórroga por un (1) ano adicional o non atoparse nos supostos excepcionais anteriormente descritos e regulados na cláusula 21.10 do PCA e 198.6 da LCSP, procedendo por tanto aplicar as regras xerais para a prórroga do contrato baseado.

TERCEIRO. As condicións que deberán rexir esta prórroga serán as mesmas que as do Contrato baseado e mantendránse inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como establececese no PCA.

FISCALIZACION PREVIA

Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

Como consecuencia do anteriormente exposto o importe a consignar sería 182.778,16€ que debera imputarse á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 22101620500 "SEGURO COLECTIVO DE VIDA E ACCIDENTES" e con cargo á bolsa de vinculación da Area 2 Capítulo I, de acordo coas Bases de execución do orzamento do ano 2024, onde na Base Cuarta establececese que os niveis de vinculación xurídica serán Capítulos I, III, VIII, e IX: Áreas de gasto e capítulo. Dita imputación a bolsa de vinculación non perturba o funcionamento dos servizos incluídos na Area 2.

ORGANO MUNICIPAL COMPETENTE



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Prorrogar o Contrato baseado para o contrato de seguros LOTE 7 SEGURO DE VIDA PARA ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, EXPTE. 42066/220, desde o día 6 de Maio do 2024 ata as 24 horas do 05 de Maio de 2025.

Póliza número 10153726

Compañía Aseguradora: Nationale Nederlanden Vida, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.E.

Prorroga contrato del seguro para el período del 06.05.24 a 05.05.25

Conforme a lo establecido en el apartado 3º “*fecha de efecto y duración*” de las condiciones particulares de la póliza, queda establecido:

Fecha de efecto de la póliza: a las 00.00 horas del 06 de mayo de 2023.

Fecha de vencimiento de la póliza: A las 24:00 horas del 05 de mayo de 2024.

La duración del contrato será de UN año con la posibilidad de UN año de prórroga, a cal é aceptada pola Compañía.

- *Porcentaxe de participación en beneficios: establececese a porcentaxe en función do número de asegurados*

| NÚMERO DE ASEGURADOS | % DE PARTICIPACIÓN |
|----------------------|--------------------|
| Desde 50 hasta 100 | 30% |
| Desde 101 hasta 300 | 50% |
| Desde 301 hasta 500 | 60% |
| Desde 501 hasta 1000 | 80% |
| A partir de 1001 | 90% |

- *prima neta anual por cada 1.000 euros de capital asegurado*

| Idade | Falecimento por calquera causa | | Falecimento por accidente | Falecimento por accidente de circulación | Incapacidade Permanente Absoluta |
|-------|--------------------------------|----------|---------------------------|--|----------------------------------|
| | Homes | Mulleres | | | |
| 15 | 0,1981 | 0,1081 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 16 | 0,2458 | 0,1236 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 17 | 0,2929 | 0,1366 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 18 | 0,2928 | 0,1281 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 19 | 0,2988 | 0,1245 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 20 | 0,3062 | 0,1231 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 21 | 0,3140 | 0,1231 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 22 | 0,3231 | 0,1245 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 23 | 0,3315 | 0,1262 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 24 | 0,3391 | 0,1280 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 25 | 0,3446 | 0,1295 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 26 | 0,3462 | 0,1298 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 27 | 0,3439 | 0,1297 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 28 | 0,3381 | 0,1291 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 29 | 0,3297 | 0,1288 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 30 | 0,3227 | 0,1302 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 31 | 0,3178 | 0,1335 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 32 | 0,3177 | 0,1401 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 33 | 0,3254 | 0,1513 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 34 | 0,3434 | 0,1686 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 35 | 0,3723 | 0,1928 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 36 | 0,4080 | 0,2219 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 37 | 0,4480 | 0,2545 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 38 | 0,4901 | 0,2885 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 39 | 0,5344 | 0,3231 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 40 | 0,5839 | 0,3591 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 41 | 0,6412 | 0,3973 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 42 | 0,7427 | 0,4589 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 43 | 0,8724 | 0,5333 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 44 | 1,0293 | 0,6182 | 0,4555 | 0,3411 | 0,3046 |
| 45 | 1,2119 | 0,7122 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 46 | 1,4232 | 0,8168 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 47 | 1,6705 | 0,9372 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 48 | 1,9487 | 1,0708 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 49 | 2,2618 | 1,2213 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 50 | 2,6062 | 1,3865 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 51 | 2,8863 | 1,5157 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 52 | 3,1843 | 1,6507 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 53 | 3,4997 | 1,7890 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 54 | 3,8335 | 1,9282 | 0,4555 | 0,3411 | 0,6092 |
| 55 | 4,1885 | 2,0679 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 56 | 4,5678 | 2,2095 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 57 | 4,9743 | 2,3556 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 58 | 5,4103 | 2,5101 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 59 | 5,8770 | 2,6771 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 60 | 6,3751 | 2,8613 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

| Idade | Falecemento por calquera causa | | Falecemento por accidente | Falecemento por accidente de circulación | Incapacidade Permanente Absoluta |
|-------|--------------------------------|---------|---------------------------|--|----------------------------------|
| 61 | 6,9056 | 3,0676 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 62 | 7,4720 | 3,3006 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 63 | 8,0793 | 3,5643 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 64 | 8,7356 | 3,8624 | 0,4555 | 0,3411 | 1,5229 |
| 65 | 9,4505 | 4,1983 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 66 | 10,2360 | 4,5763 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 67 | 11,1058 | 5,0028 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 68 | 12,0761 | 5,4883 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 69 | 13,1646 | 6,0473 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 70 | 14,3920 | 6,6990 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 71 | 15,7820 | 7,4668 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 72 | 17,3619 | 8,3759 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 73 | 19,1601 | 9,4494 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 74 | 21,2057 | 10,7048 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 75 | 23,5291 | 12,1559 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 76 | 26,1623 | 13,8216 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 77 | 29,1425 | 15,7375 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 78 | 32,5093 | 17,9595 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 79 | 36,3075 | 20,5645 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |
| 80 | 40,5848 | 23,6429 | 0,4555 | 0,3411 | 2,2844 |

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 182.778,16 € (exento de IVE), segundo consta no informe que antecede da presente proposta, así como no informe de estimación aportado pola correduría Willis Iberia. Imputarase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 22401620500 “Seguro Colectivo de Vida e Accidentes” e con cargo á bolsa de vinculación da Area 2 Capítulo I, de acordo coas Bases de execución do Orzamento do ano 2024.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á empresa contratista a través da plataforma dixital da Central de Contratación, publícala no perfil do contratante de esta Entidade Local e notifícala conforme o establecido na LCSP.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(330).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN LISTE. EXPTE. 1479/1102.

Sométese a aprobación a proposta de data 17/04/2204, asinada pola secretaria de Goberno local e o alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación Liste actuará na mesma través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, quen ostentará a Vicepresidencia do Padroado e mediante a designación de dous representantes do Concello de Vigo no padroado como órgano de dirección, representación, xestión da Fundación Liste .

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de xullo de 2023 adoptou o seguinte acordo

“Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón na “Fundación Liste”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Vicepresidencia do Padroado segundo o artigo 15.3 dos Estatutos.

Segundo.- Designar como membros representantes do Concello no padroado da Fundación Liste , segundo se indica no artigo 13 dos seu Estatutos a: Concelleiro-Delegado de Cultura, Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Gorka Gómez Díaz e o concelleiro D. Abel Losada Álvarez.”

Vista comunicación do voceiro do grupo municipal do PsdG-PSOE de data 16.01.2024 pola que solicita a designación de D. Rafael Vallejo Pousada como membro representantes do Concello no padroado da Fundación Liste en substitución de D. Abel Losada Álvarez.

O artigo 127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local atribuí a Xunta de Goberno Local a competencia en materia de nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

Polo exposto esta Alcaldía Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo

Primeiro.- Designar a D. Rafael Vallejo Pousada representante do Concello no padroado da Fundación Liste en substitución de D. Abel Losada Álvarez.

Segundo.- Notificar ao interesado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Fundación Liste, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(331).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE DIRECTOR/A DE INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA. EXPTE. 1669/1102.

Visto o informe de fiscalización de data 25/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2024, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

En data 16.03.2023 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.07.2023, que modifica a Resolución de data 3.11.2022 e posterior rectificación de erros de data 10.11.2022, designouse puntualmente como instrutora á Secretaria de Goberno Local da Susana Gallardo Fariña, aos efectos do previsto nas incidencias con respecto as cales foi comunicada a abstención da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, en relación coa implementación das actuacións derivadas do Plan de Ordenación de Recursos Humanos para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación e tendentes á execución do fallo da Sentenza no 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo no 2 de Vigo no procedemento abreviado no 180/2020 (expte. 41058-220).

En data 22.04.2023 por Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo do posto de Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acordo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administraciones públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

Neste senso a RPT vixente contempla como sistema de provisión do posto a libre designación. Así mesmo consta a xustificación individualizada na memoria elaborada con motivo da aprobación da RPT 2022.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

SEGUNDO.- Do procedemento.-

Na relación de postos vixente aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16.03.2023 publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO) núm. 93, do 16.05.2023 figura o posto de traballo da Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada que actualmente se atopa vacante a súa provisión figura no informe de calendarización emitido pola instrutora do expediente.

Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, o posto de traballo da Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada axustada ao establecido na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

TERCEIRO.- Órgano competente.-

O Órgano competente é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras transcritas no como Anexo I, para a provisión do posto de traballo da Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada adscrito a Dirección de Ingresos mediante o sistema de libre designación.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO.- Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE DIRECTOR/A INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA (EXPTE_1669-1102)

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación do posto de traballo de Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada

Segunda.- Características do posto de traballo

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO) núm. 93, do 16.05.2023 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada
- Servizo no que se adscribe: Dirección de Ingresos
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 5000101
- Escala: Administración xeral /administración especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior
- Grupo: A1
- Titulación_1-2.
- Formación específica: dereito, económicas, empresariais.
- Complemento de destino: 28



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

- Complemento específico anual: 47. 011,58 €
- Sistema de provisión: libre designación

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefe/a de área publicada no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

Terceira.- Requisitos de participación

Poderán concorrer a convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo do grupo A subgrupo A1 da escala de Administración Xeral ou Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás da suspensión de funcións, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias

b) Titulación requirida.- licenciado/a en dereito, económicas, empresariais ou grao e master equivalente.

Todos os requisitos deberán poseerse na data da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

Cuarta.- Presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes dirixiránse ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán a súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor
- Curriculum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso valoraranse os méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos no rexistro electrónico do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, contados a partir del seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOE.

Quinta.- Resolución da convocatoria

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo de dous meses mes contados dende a data da súa publicación no BOP PO.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

Sexta.- Toma de posesión

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra,

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes dende a publicación da resolución no BOP PO.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponder e, en su caso, será declarado en la situación de excedencia voluntaria por interese particular, en los términos que regulamentariamente se determinen

Sétima.- Publicidade

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no BOP PO, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP PO, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

Oitava.- Recursos

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

13(332).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A TEATRO ENSALLE SLL PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DA SALA TEATRO ENSALLE DESDE O 17 DE NOVEMBRO AO 10 DE DECEMBRO DO 2023. EXPTE. 5421/330.

Visto o informe xurídico de data 26/03/2024 e o informe de fiscalización do 25/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 12 de febreiro do 2024, a entidade “ Teatro Ensalle SLL” presenta escrito de solicitude de subvención para a programación da Sala Ensalle dende o 17 de novembro ao 10 de decembro do 2023 con cargo ao orzamento 2024 ; por este motivo, o día 27 de febreiro do 2024 o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **TEATRO ENSALLE SLL**” é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa subvencionado tivo lugar na Sala Ensalle segundo a seguinte programación:

- **XVIII Festival Catropezas, do 17 de novembro ao 10 de decembro do 2023**

NOVEMBRO 23

17, 18 e 19 Canchal IX. Juan Juan Navarro. Espectáculo único
25 e 26 Desde ese silencio AveLina Pérez. Estrea absoluta

DECEMBRO 23

8, 9 e 10 Desde ese silencio AveLina Pérez

Juan Navarro. Canchal IX Juan. Espectáculo único
AveLina Pérez. Desde ese silencio. Estrea absoluta

OUTRAS ACTIVIDADES:

Programación dentro da RGS: co fin de potenciar a produción contemporánea dentro e fóra de Galicia.

Programación dentro do CIRCUITO da RED DE SALAS ALTERNATIVAS: Estas programacións permiten o intercambio entre comunidades e, no futuro, favorecen a incorporación de compañías galegas a circuitos exteriores.

Festivais: Se reforzan os dous festivais existentes tentando implicar neles tanto ás institucións locais como ás estatais.

Mantemento dos convenios coa ESAD de Vigo e EOI de Vigo.

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de 17.147,96 € (dezasete mil cento corenta e sete euros con noventa e seis céntimos), dos que o Concello de Vigo achega 5.000 €.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do administrador solidario
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL, para a programación da Sala Ensalle, rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao "Teatro Ensalle S.L.L.", para o financiamento da programación de teatro - 15 de novembro ata decembro do 2023- con cargo ao orzamento 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao TEATRO ENSALLE SLL deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo de 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL ten como obxecto financiar a programación da Sala Ensalle do 17 de novembro ao 10 de decembro do 2023, figurando na aplicación **3340.470.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) á entidade "TEATRO ENSALLE SLL", CIF. B36920247, para o financiamento da programación da Sala Ensalle do 17 de novembro ao 10 de decembro do 2023 con cargo ao orzamento 2024, organizada por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 "TEATRO ENSALLE. PROGRAMACIÓN DE TEATRO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. É de responsabilidade da Entidade :
 - a) A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 - b) A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - c) Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez , presidente da entidade.
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil do período subvencionable.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas e xustificantes de pago efectivo correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranga a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2024
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
5. Reportaxe fotográfica.
 - Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2023 ata o 10 de novembro do 2024, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia

con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(333).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE “SALA ÁRTIKA S.L.” PARA O FINANCIAMENTO DA PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA: MES DE XANEIRO DO 2024. EXPTE. 5422/330.

Visto o informe xurídico de data 27/03/2024 e o informe de fiscalización do 23/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 19.02.2024, a entidade SALA ÁRTIKA S.L.(CIF B-09950072) presenta na sede electrónica do Concello escrito de solicitude de subvención para o financiamento da **PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA, MES DE XANEIRO DO 2024**

Por este motivo, o día 28.02.2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “SALA ARTIKA S.L.” xestiona dende o ano 2014 a SALA ÁRTIKA, un espazo adicado ás artes escénicas, que naceu co obxectivo de achegar o teatro a todos os cidadáns

de Vigo, reivindicar as artes escénicas como opción de ocio e a creación de novos públicos.

A programación caracterízase por estar formado por un conxunto de espectáculos que abranguen diferentes artes escénicas como danza, monicreques, comedia musical, dramas, co obxectivo de que o público poida apreciar os diferentes xéneros.

Figuran entre os obxectivos da Sala Artika SL os seguintes: Ofrecer unha programación continua de calidade; Promocionar e difundir espectáculos de diferentes compañías de nivel local e autonómico; Fidelizar aos maiores nas artes escénicas mediante a divulgación e achegamento do teatro, programando espectáculos que teñan contidos para os intereses que poidan ter os distintos tipos de espectadores; Integrar aos distintos grupos sociais, independentemente do sector ao que pertenza; Promover as artes escénicas, dándolle cabida tanto ás compañías que teñen unha ampla traxectoria, como ás compañías de recente creación.

Neste ano 2024 o proxecto non só aposta por acercar ao público ás compañías da nosa comunidade, senón dar lugar a un I Circuito de teatro de compañías Iberoamericanas, para que o público poida gozar tamén da súa maneira de facer arte e coñecer outras culturas.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

| DATA | COMPAÑÍAS - ESPECTÁCULO | COMUNIDADE | FUNCIONS |
|------------|---|------------|----------|
| 13/01/2024 | CONSTANCE HURLÉ – PENÉLOPE DESTECENDO O VINCULO | GALICIA | 1 |
| 14/01/2024 | CONSTANCE HURLÉ – PENÉLOPE DESTECENDO O VINCULO | GALICIA | 1 |
| 20/01/2024 | TALÍA TEATRO – MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA | GALICIA | 1 |
| 21/01/2024 | TALÍA TEATRO – MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA | GALICIA | 1 |
| 27/01/2024 | VÓRTICE ESCÉNICO - ASFIXIA | GALICIA | 1 |
| 28/01/2024 | VÓRTICE ESCÉNICO - ASFIXIA | GALICIA | 1 |
| | | | 6 |

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 6.308,26 € € (seis mil trescentos oito euros con vinteseis céntimos) , dos que o Concello de Vigo achegará 6.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L., rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á SALA ÁRTIKA S.L.(CIF B-09950072) para o financiamento da **PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA, MES DE XANEIRO DO 2024**, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade SALA ÁRTIKA S.L. deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. ten como obxecto financiar a organización da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, xaneiro 2024, figurando na aplicación **3340.470.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 6.000 € (seis mil euros) á entidade SALA ÁRTIKA S.L. CIF: B-09950072, para o financiamento da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, xaneiro 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación “ARTIKA, PROGRAMA ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. É de responsabilidade da Entidade :
 - a) A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 - b) A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - c) Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
2. Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Dna. Fernanda Barrio Barcala, administradora da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE achega recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.- A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes** ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- **So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)**

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2024 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(334).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ORQUESTRA VIGO 430, PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2023-2024 “ORIXES”. EXPTE. 5438/330.

Visto o informe xurídico de data 27/03/2024 e o informe de fiscalización do 26/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 19 de febreiro do 2024, a “Asociación Orquestra Vigo 430” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2023-2024 con cargo ao orzamento 2024; por este motivo, con data 28 de febreiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 150.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Temporada 2023-2024-Orixes

15 DECEMBRO 2023:

- 13 a 15 de decembro. OV430: Sinfónico : Conrado Moya + Isabel Rubio

J. Durán: Cantigas de Martín Códax

J. Rodrigo: Concerto heróico

A. Dvóřak: Sinfonía nº 9 «do novo mundo»

Isabel Rubio (directora), Beatriz Riobó (soprano), Conrado Moya (marimba)

27 XANEIRO 2024:

- 25 a 27 de xaneiro do 2024. OBV430: Barroco Amarilis + Sophie + Mariantonia

Christoph Forster (1693-1745): Concerto para trompa

Carl Heinrich Graun (1704-1759): Concerto en la maior para Viola da Gamba

Georg Philipp Telemann (1681-1767):

- Don Quixote TWV 55:G10
- Suite for viola da Gamba, Strings and Continuo Overture-Suite, TWV 55:D6
- Violin Concerto TWV 51:A1

Amarilis Dueñas (viola da gamba), Mariantonia Riezu (trompa natural), Sophie de Bardonnèche

(concertino-directora)

24 FEBREIRO 2024:

- 22 a 24 de febreiro do 2024. EV430: Ariadna + Maya Purdue + Maria Florea

S. Rachmaninov: sonata para violonchelo e piano

C. Franck: quinteto para piano e cordas

Ariadna Chmelik (cello), Maya Purdue (piano), Maria Florea (violín).

22 MARZO 2024:

- 20 a 22 de marzo do 2024. OBV430: Barroco - Programa de música veneciana

Antonio Vivaldi (1678-1741):

L'olimpiade overture RV 725

Concerto para cordas e baixo continuo en do maior RV 109

Concerto para violín en re maior RV 230

Concerto para violín en sol menor RV 324 (Grave)

Concerto para cordas en sol maior RV 157

Motete "In furore iustissimae irae" RV 626

Tomaso Albinoni (1671-1751), Introduzione seconda

Antonia Bembo (1643-1715) Ercole Amante Overture 3'

Baldassare Galuppi (1706-1785), Concerto Concerto a Quattro

Sophie de Bardonnèche (concertino-directora)

Beatriz Arenas (soprano)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

20 ABRIL 2024:

- 16 a 20 de abril do 2024. EV430:Obras para quinteto de vento-madeira

J. González: «House»

C. Nielsen: Quinteto op. 43

A. Piazzola: As Catro estacións porteñas

MAIO: (2 XUÑO) 2024

- 29 a 2 de xuño do 2024. OV430 + Jonian Ilias Kadesha (Violín)

Obras para orquestra de cámara de Mozart, Mendelssohn e Haydn

Jonian Ilias Kadesha (solista-director)

Vivaldi: Concerto para violín "Il grosso Mogul"

Mendelssohn: Sinfonía para cordas no 2

Mozart: Concerto para violín nº 5

Haydn: Sinfonía nº49

**** SETEMBRO 2024:**

-Concerto de cámara pendente de determinar

**** OUTUBRO 2024:**

-Concerto de cámara pendente de determinar

O concertos terán lugar en diversos escenarios entre os que se atopan a Basílica de Santa María de Vigo, o Auditorio Martín Códax e o Auditorio Teatro Afundación.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 156.000 € (cento cincuenta e seis mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 6.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal

- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 19 de marzo do 2024

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2023-2024, con cargo ao orzamento 2024, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ Asociación Orquestra Vigo 430” para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2023-2024, con cargo ao orzamento 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Orquestra Vigo 430” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar previsto nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da temporada 2023-2024, figurando na aplicación **3340.489.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 150.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2024 que se xustificuen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 150.000 € (cento cincuenta mil euros) á “Asociación Orquestra Vigo 430”, CIF. G27743475, para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2023-2024 con cargo ao orzamento 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “ ORQUESTRA VIGO 430. PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2023-2024 con cargo ao orzamento 2024.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430”, PARA O FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2023-2024, “ORIXES” CON CARGO AO ORZAMENTO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, titular do DNI 36.087.498-S, na súa condición de presidente da “Asociación Orquestra Vigo 430” (CIF: G-27743475) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Fragoso núm. 31, 9º B, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xenera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430**”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da “**CONVENIO ORQUESTA 430, PROGRAMA DE CONCERTOS**”, a cantidade de 150.000 euros.*

*IV.- Que a “**ASOCIACIÓN ORQUESTA VIGO 430**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o CICLO DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2023-2024, "ORIXES", con cargo ao orzamento 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 156.000 € (cento cincuenta e seis mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 150.000 €
- Cotas de asociados e taquillas: 6.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Temporada 2023-2024-Orixes

15 DECEMBRO 2023:

- 13 a 15 de decembro. OV430: Sinfónico : Conrado Moya + Isabel Rubio

J. Durán: Cantigas de Martín Códax

J. Rodrigo: Concerto heróico

A. Dvórák: Sinfonía nº 9 «do novo mundo»

Isabel Rubio (directora), Beatriz Riobó (soprano), Conrado Moya (marimba)

27 XANEIRO 2024:

- 25 a 27 de xaneiro do 2024. OBV430: Barroco Amarilis + Sophie + Mariantonia

Christoph Forster (1693-1745): Concerto para trompa

Carl Heinrich Graun (1704-1759): Concerto en la maior para Viola da Gamba

Georg Philipp Telemann (1681-1767):

- Don Quixote TWV 55:G10
- Suite for viola da Gamba, Strings and Continuo Ouverture-Suite, TWV 55:D6
- Violin Concerto TWV 51:A1

Amarilis Dueñas (viola da gamba), Mariantonia Riezu (trompa natural), Sophie de Bardonnèche



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

(concertino-directora)

24 FEBREIRO 2024:

- 22 a 24 de febreiro do 2024. EV430: Ariadna + Maya Purdue + Maria Florea

S. Rachmaninov: sonata para violonchelo e piano

C. Franck: quinteto para piano e cordas

Ariadna Chmelik (cello), Maya Purdue (piano), Maria Florea (violín).

22 MARZO 2024:

- 20 a 22 de marzo do 2024. OBV430: Barroco - Programa de música veneciana

Antonio Vivaldi (1678-1741):

L'olimpiade overture RV 725

Concerto para cordas e baixo continuo en do maior RV 109

Concerto para violín en re maior RV 230

Concerto para violín en sol menor RV 324 (Grave)

Concerto para cordas en sol maior RV 157

Motete "In furore iustissimae irae" RV 626

Tomaso Albinoni (1671-1751), Introduzione seconda

Antonia Bembo (1643-1715) Ercole Amante Ouverture 3'

Baldassare Galuppi (1706-1785), Concerto Concerto a Quattro

Sophie de Bardonnèche (concertino-directora)

Beatriz Arenas (soprano)

20 ABRIL 2024:

- 16 a 20 de abril do 2024. EV430:Obras para quinteto de vento-madeira

J. González: «House»

C. Nielsen: Quinteto op. 43

A. Piazzola: As Catro estacións porteñas

MAIO: (2 XUÑO) 2024

- 29 a 2 de xuño do 2024. OV430 + Jonian Ilias Kadesha (Violín)

Obras para orquestra de cámara de Mozart, Mendelssohn e Haydn

Jonian Ilias Kadesha (solista-director)

Vivaldi: Concerto para violín "Il grosso Mogul"

Mendelssohn: Sinfonía para cordas no 2

Mozart: Concerto para violín nº 5

Haydn: Sinfonía nº49

**** SETEMBRO 2024:**

-Concerto de cámara pendente de determinar

**** OUTUBRO 2024:**

-Concerto de cámara pendente de determinar

O concertos terán lugar en diversos escenarios entre os que se atopan a Basílica de Santa María de Vigo, o Auditorio Martín Códax e o Auditorio Teatro Afundación.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Francisco Javier Escobar Vidal, presidente da Asociación.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2.Xestionar o pagamento do importe da subvención (150.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.

4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
 6. Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
 -

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 e 2024 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica

das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 do Réximen xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Os convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime do tódolos asinantes

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e as demais partes asinantes.

Si trascurrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados si así se previra.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA. - LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

ORZAMENTO 2024



Table with columns for months (DECEMBRO 23 to OUTUBRO 24) and rows for concert details like Solista cantante, Director/a, Lugar de Concerto, and Data.

Table with columns for months (DECEMBRO 23 to OUTUBRO 2024) and rows for budget categories like Gastos Personal, Administración / Producción, Músicos concerto, etc.

Table with columns for months (DECEMBRO 23 to NOVIEMBRE 24) and rows for budget categories like Gastos explotación, Alquiler instrumentos e material, etc.

Summary table with rows: Cuotas Socios + Taquilla (6.000,00 €), Subvención Concello (150.000,00 €)

Summary table with rows: PARTIDA GASTO (124.864,66 €), TOTAL INGRESOS (156.000,00 €)

Summary table with rows: SUMATORIO PARTIDA GASTO (31.135,34 €), 2.700,00 €, 2.331,00 €, 1.200,00 €, 310,00 €, 2.600,00 €, 700,00 €, 2.900,00 €, 2.000,00 €, 2.176,00 €, 5.445,00 €, 3.200,00 €, 4.000,00 €, 0,00 €, 547,54 €, 525,80 €, 500,00 €

16(335).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2024. EXPTE. 5386/330.

Visto o informe xurídico de data 01/04/2024 e o informe de fiscalización do 26/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 23 de xaneiro do 2024, a Asociación Cultural Interfolc presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do XXX Festival Folclórico Internacional de Vigo 2024; por este motivo, con data 25 de xaneiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 90.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0007, do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Asociación cultural Interfolc é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

PROGRAMA

O XXX Festival Folclórico Internacional Cidade de Vigo desenvolverase do luns 22 ao xoves 25 de xullo do 2024, nas seguintes ubicacións:

Animacións de Rúa: Travesas -Praza do Emigrante-, Teis -Mercado-, Bouzas -Alameda-,
O Calvario -Peonil-. Rúa Príncipe -Marco-, A elixir.

Festivais: Terán lugar catro actos que se desenvolverán na Porta do Sol, -nun escenario habilitado para eses días-, participando en cada un de eles dous grupos diferentes. Para rematar o xoves 25 de xullo, terá lugar un desfile e o festival de clausura onde participaran grupos galegos, nacionais (Dit i Fit de Mallorca, Los Jateros de Fregenal de la Sierra Extremadura e Siete Coronas de Puente Tocinos Murcia) e tres estranxeiros (Bio Bio de Chile, Wici de Estados Unidos e Maíz y Frijol de Guatemala).

A programación prevista será a seguinte:

Luns 22 de xullo

21,30 h. 1º Festival na Porta do Sol.

Martes 23 de xullo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

12,00 h. Animación de Rúa.
21,30 h. 2º Festival na Porta do Sol.

Mércores 24 de xullo.

12,00 h. Animación de Rúa.
21,30 h. 3º Festival na Porta do Sol.

Xoves 25 de xullo.

12,00 h. Animación de Rúa.
21,30 h. Acto Central e Clausura do Festival na Porta do Sol.

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 120.000 € (CENTO VINTEMIL EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 90.000 €
- Achega da entidade 30.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 22 de marzo do 2024

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Asociación Cultural Interfolc”, para a organización do XXX Festival Folclórico Internacional de Vigo 2024, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus

preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Asociación Cultural Interfolc”, para a organización do XXX Festival Folclórico Internacional de Vigo 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Asociación Cultural Interfolc” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Interfolc” ten como obxecto a organización do XXX Festival Folclórico Internacional de Vigo 2024, figurando na aplicación 3380.489.0007 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 90.000 euros a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2024, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Interfolc” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 90.000 € (noventa mil euros) á Asociación Cultural Interfolc, CIF: G-36.892.271, para a organización do XXX Festival Folclórico Internacional de Vigo 2024; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0007 “ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC” con cargo ao orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e á “Asociación Cultural Interfolc” que regula o outorgamento da subvención para a organización do XXX Festival Folclórico Internacional de Vigo 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2024.

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023

Doutra, D. Pablo I. González Alonso con D.N.I. 36.053.268-D, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, C.I.F. G-36.892.271 e enderezo social na rúa Illas Baleares nº 32 – 3º esq. 36203, da cidade de Vigo, en representación da mesma, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación cultural Interfolc é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC**”, co fin de potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3380.489.0007, como subvención nominativa, a favor de **ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC** a cantidade de 90.000 euros.*

IV.- Que a non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o XXX Festival Folclórico Internacional de Vigo 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 120.000 € (CENTO VINTEMIL EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 90.000 €
- Achega da entidade 30.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O XXX Festival Folclórico Internacional Cidade de Vigo desenvolverase do luns 22 ao xoves 25 de xullo do 2024, nas seguintes ubicacións:

Animacións de Rúa: Travesas -Praza do Emigrante-, Teis -Mercado-, Bouzas -Alameda-, O Calvario -Peonil-. Rúa Príncipe -Marco-, A elixir.

Festivais: Terán lugar catro actos que se desenvolverán na Porta do Sol, -nun escenario habilitado para eses días-, participando en cada un de eles dous grupos diferentes. Para rematar o xoves 25 de xullo, terá lugar un desfile e o festival de clausura onde participaran grupos galegos, nacionais (Dit i Fit de Mallorca, Los Jateros de Fregenal de la Sierra Extremadura e Siete Coronas de Puente Tocinos Murcia) e tres estranxeiros (Bio Bio de Chile, Wici de Estados Unidos e Maíz y Frijol de Guatemala).

A programación prevista será a seguinte:

Luns 22 de xullo

21,30 h. 1º Festival na Porta do Sol.

Martes 23 de xullo

12,00 h. Animación de Rúa.

21,30 h. 2º Festival na Porta do Sol.

Mércores 24 de xullo.

12,00 h. Animación de Rúa.

21,30 h. 3º Festival na Porta do Sol.

Xoves 25 de xullo.

12,00 h. Animación de Rúa.

21,30 h. Acto Central e Clausura do Festival na Porta do Sol.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. PABLO I. GONZÁLEZ ALONSO, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento anual do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2.Xestionar o pagamento do importe da subvención (90.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na

páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.

- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2024, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade

ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2024

ORZAMENTO DE GASTOS DO XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2024

| | | |
|-----------------------------------|--|------------------------|
| CACHÉS GRUPOS | Grupos Invitados | 21.000,00 € IVA INC. |
| GASTOS PRODUCCIÓN/PERSONAL | Acompañamentos/Guías | 1.800,00 € IVA INC. |
| | Transportes | 5.000,00 € IVA INC. |
| | Aloxamento | 22.000,00 € IVA INC. |
| | Presentador festivais | 900,00 € IVA INC. |
| PRODUCCIÓN TÉCNICA | Equipos de Son, luces, escenario, cadeiras, xenerador, técnicos,.. | 33.000,00 € IVA INC. |
| PUBLICIDADE E PROMOCIÓN | Diseño e impresión de cartelería, acreditacións,.... | 1.800,00 € IVA INC. |
| | Reportaxe fotográfico, edición vídeo, xestión rrss. | 1.300,00 € IVA INC. |
| GASTOS DIVERSOS | Seguro Accidentes e R.C. | 1.200,00 € IVA INC. |
| | Cuota anual Festifolk por gastos gestión grupos estranxeiros | 1.400,00 € IVA EXENTO |
| GASTOS PROTOCOLARIOS | Agasallos Grupos Invitados | 600,00 € IVA INC. |
| OUTROS GASTOS | Gastos personal administración | 7.560,00 € IVA EXENTO |
| | Gastos dirección Festival | 18.000,00 € IVA EXENTO |
| | Gastos producción personal carga/descarga | 4.440,00 € IVA EXENTO |
| | | |
| | TOTAL | 120.000,00 € |

ORZAMENTO DE INGRESOS DO XXX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2024

| | | |
|------------------------|------------------|---------------------|
| SUBVENCÍONS | Concello de Vigo | 90.000,00 € |
| OUTROS INGRESOS | Fondos propios | 30.000,00 € |
| | | |
| | | |
| | TOTAL | 120.000,00 € |



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

17(336).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A “IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO”. EXPTE. 1793/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/04/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 19 de outubro de 2023 o enxeñeiros municipal, D. Xacobe Paz Salgado emite informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “**IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO**” informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 20 de outubro de 2023, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 3 de novembro de 2023 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “**IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO**”

IV.- Con data 19 de abril de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de **IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de CENTO SESENTA E SEIS MIL CENTO CORENTA E OITO EUROS con OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (166.148,85 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 12/03/2024.

V.- Con data 19 de abril de 2024 a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|---|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 3.322,98 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 3.322,98 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Ruth Caballeira Martín (CIES ATLANTICO) | 830,74 € |
| | SUMA | 7.476,70 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 822,44 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 8.299,14 € |

VI.- A Enxeñeira Industrial, D^a Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, D^a María Francisca Arlandis Marra, con data 23 de abril de 2024 emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con data 23 de abril de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO**", redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de CENTO SESENTA E SEIS MIL CENTO CORENTA E OITO EUROS con OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (166.148,85 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 12/03/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO**, por un importe de 8.299,14 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|------------------------------------|---|------------|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 3.322,98 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 3.322,98 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Ruth Caballeira Martín (CIES ATLANTICO) | 830,74 € |
| | SUMA | 7.476,70 € |

| | | |
|--|-----------------------|------------|
| | 11% Gastos de Xestión | 822,44 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 8.299,14 € |

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(337).- COMUNICACIÓN A CONCESIONARIA DA INOPERABILIDADE DA PRÓRROGA TÁCITA PREVISTA NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4639/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/04/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

-O contrato actual do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo foi adxudicado a empresa Viguesa de Transportes SA, na sesión plenaria de data 16 de setembro de 1994, e con data 8 de xuño de 1995, formalizouse en contrato administrativo a citada concesión.

-O contrato se rexe polo prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade, aprobado na sesión plenaria de data 26 de maio de 1994.

-A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2018, acordou:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

“Denunciar a prórroga da concesión administrativa para a explotación do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo da que é titular a empresa Viguesa de Transportes S.L. por Acordo Plenario de data 16 de setembro de 1994”

Dito acordo tiña como principal obxecto evitar unha “prorroga tácita do actual contrato” dunha duración fixa de cinco anos.

-A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 5 de xuño de 2020, e polos motivos expostos no informe proposta formulado polo Servizo de Transportes, derivados da pandemia provocada polo Covid19, acordou:

“Aprobar a prórroga expresa do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, adxudicado a empresa Viguesa de transportes S.A.(actualmente S.L.) formalizado na data 8 de xuño de 1995, de conformidade co previsto na cláusula 2 do prego de condicións da concesión administrativa de transporte urbano colectivo de viaxeiros que rexe o contrato, aprobado na data 26 de maio de 1994, por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020, até o 7 de xuño de 2025, e nas condicións recollidas no mencionado prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo; na oferta presentada pola empresa concesionaria e nas mesmas condicións que ten na actualidade e descritas no apartado C do informe-proposta.”

2.-REGULACIÓN XURÍDICA DOS PRAZOS DA CONCESIÓN

De acordo coa regulación xurídica dos prazos da actual concesión e de conformidade co disposto na cláusula 2 do prego de condicións que rexe a concesión administrativa, os prazos do actual contrato defínense en base os seguintes condicionantes:

“A duración máxima da concesión administrativa para a explotación do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo, será de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un límite de 35 anos, incluído o prazo fixo.

O prazo da concesión comezará a contarse a partir da formalización do contrato en documento administrativo o en escritura pública no caso de solicitalo o interesado.

A prórroga será automática, salvo denuncia expresa por algunha das partes con un ano de antelación como mínimo, ó da data en que finalice o prazo da concesión ou de calquera das súas prorrogas ”

Como consecuencia do anterior a data de finalización da concesión administrativa do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros será o 7 de xuño do ano 2025 de conformidade co disposto nas cláusulas 2.2 e 2.3 do prego de condicións que rexe o contrato .

3- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable á concesión do servizo de transporte colectivo urbano da cidade de Vigo.

A adxudicación do contrato da concesión do servizo de transportes colectivo urbano de viaxeiros tivo lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adiante LCE) polo que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 13/1995, de 18 de maio, pola que se aproba a Lei de Contratos das Administracións Públicas; a Disposición Transitoria Única da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos; a Disposición Transitoria Primeira da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido desta Lei; e a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, a norma de aplicación a este contrato é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril.

SEGUNDO.- Regulación das prórrogas dos contratos de xestión dos servizos públicos

O Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba a Lei de Contratos do Estado e o Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais(en adiante, RSCL) establecen que a duración dos contratos de xestión dos servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente a súa duración e as prórrogas de que poda ser obxecto, sen que en ningún caso poda exceder o prazo total, incluídas as prórrogas, de noventa e nove anos segundo o artigo 64 LCE e de cincuenta anos segundo o artigo 115 RSCL. Por tanto, a Administración contratante ao amparo desta regulación podía fixar no prego de cláusulas económico administrativas reitor da concesión unha duración inferior para o contrato e prever unha ou varias prórrogas á duración do mesmo, na forma e polos prazos que estimara convinte, sempre sen superar o prazo máximo que, no caso que nos ocupa, é o de cincuenta anos fixado polo artigo 115 RSCL.

De acordo con estas previsións, o Prego de cláusulas económico administrativas e o Contrato formalizado na data 8 de xuño de 1995 para a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo fixaron un prazo de duración da concesión de vinte e cinco anos, a contar desde o 8 de xuño de 1995, prorrogable por períodos de cinco anos ata o máximo legal de trinta e cinco anos incluído o prazo fixo, de forma automática salvo denuncia expresa por algunha das dúas partes, con un ano de antelación o da data en que finalice o prazo da concesión ou de calquera das súas prórrogas.

Segundo se expuxo nos antecedentes, a Xunta de Goberno en sesión de data 05-06-2020 acordou declarar a prórroga expresa da concesión administrativa, do servizo de transporte urbano de viaxeiros por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. En consecuencia o período de prórroga finaliza o 07-06- 2025

O artigo 68.1 da Lei de Contratos das Administracións Públicas coa aprobación da Lei 53/1999, de 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, queda coa seguinte redacción :

“con precisión del plazo de duración del contrato y, cuando estuviere prevista, de su posible prórroga y alcance de la misma que, en todo caso, habrá de ser expresa, sin que pueda prorrogarse el contrato por consentimiento tácito de las partes.”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

A consideración da necesidade de que as prorrogas dos contratos fosen expresas mantense na lexislación posterior a citada ley 53/ 1995 :

Artigo 67.1 do Texto refundido da Lei de Contratos das administracións publicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000.

Artigo 23.2 da ley 30 /2007 de Contratos do Sector Publico.

Artigo 23.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Publico aprobado por RD lexislativo 3/2011.

Artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De conformidade cos criterios da Xunta Consultiva de Contratación, que en reiterados dictámenes mantén que unha vez entrada en vigor a nova redacción do artigo 68.1 da Lei de Contratos das Administracións Públicas coa aprobación da Lei 53/1999, de 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, deben ser rechazadas as prórrogas tácitas.

Entre estes informes da Xunta Consultiva de Contratación, cabe destacar o Informe 24/04, de 7 de xuño, ratificado por Informes 35/04, 50/04 e 55/04 nos que se indica que “resulta un contrasentido que un contrato celebrado con anterioridade a su entrada en vigor puidese continuar producindo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas”; o Informe 47/04, de 12 de novembro que engade que “ la prórroga de un contrato es una renovación del mismo por un nuevo período, por lo que debe considerarse nuevo contrato, lo que impone que, al producirse durante la vigencia del actual artículo 68.1 de la Ley de 13/1995 de 18 de mayo de Contratos de las Administraciones Públicas el consentimiento contractual de la prórroga implica que haya de ser necesariamente expreso”

Por tanto, segundo indica a Xunta Consultiva de Contratación en Informe 27/07, de 29 de outubro “ a partir de la entrada en vigor de la Ley 53/1999, de 28 de diciembre, que da nueva redacción al artículo 68.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas no son admisibles las prórrogas tácitas aun estando previstas en contratos anteriores a la indicada fecha”

Tendo en conta a imposibilidade da prórroga do contrato pola tácita recondución para os contratos preexistentes á entrada en vigor da Lei 53/1999 polos motivos expostos, procede comunicar á concesionaria, coa mesma antelación que a que establece o prego de cláusulas do contrato para a denuncia da concesión, a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no devandito prego de cláusulas; comunicación que se efectúa con independencia de que de ser necesario, e ao amparo da normativa aplicable, poida ser adoptado un acordo de prorroga expresa con anterioridade ao vencemento da actual prorroga, a fin de garantir a continuidade do servizo.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte :

ACORDO

PRIMEIRO: Comunicar a empresa Viguesa de Transportes S.L. como titular da concesión administrativa para a explotación do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo da que é titular por Acordo Plenario de data 16 de setembro de 1994, prorrogada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño de 2020, e que finaliza o día 7 de xuño de 2025, a inoperabilidade da prórroga tácita prevista na cláusula 2 do prego de condicións que rexe a mencionada concesión administrativa.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a empresa Viguesa de Transportes S.L. como titular da concesión administrativa para a explotación do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo, aos efectos oportunos, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(338).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE INTERVENTORES TÉCNICOS DA EMPRESA CONCESIONARIA VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. ANTE O REMATE DO CONTRATO DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS NO TERMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4638/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/04/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

PRIMEIRO: Na sesión plenaria de data 26 de maio de 1994 foi aprobado o prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade .

SEGUNDO: Na sesión plenaria de data 16 de setembro de 1994 foi adxudicada a empresa Viguesa de Transportes SA a concesión do transporte urbano de viaxeiros da cidade de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

TERCEIRO: Na data 8 de xuño de 1995 formalizouse en contrato administrativo entre o Alcalde da cidade de Vigo e o presidente da empresa Viguesa de Transportes S.A. a concesión municipal so servizo publico regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús.

CUARTO: -A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 5 de xuño de 2020, e polos motivos expostos no informe proposta formulado polo Servizo de Transportes, derivados da pandemia provocada polo Covid19, acordou:

“Aprobar a prorroga expresa do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, adxudicado a empresa Viguesa de transportes S.A.(actualmente S.L.) formalizado na data 8 de xuño de 1995, de conformidade co previsto na cláusula 2 do prego de condicións da concesión administrativa de transporte urbano colectivo de viaxeiros que rexe o contrato, aprobado na data 26 de maio de 1994, por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020, até o 7 de xuño de 2025, e nas condicións recollidas no mencionado prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo; na oferta presentada pola empresa concesionaria e nas mesmas condicións que ten na actualidade e descritas no apartado C do informe-proposta.”

De conformidade co anterior o contrato finaliza na data 7 de xuño de 2025

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

De conformidade co disposto na cláusula 58 do prego de condicións que rexe o contrato da concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade: EFECTOS DO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA CONCESIÓN:

“O cumprimento do prazo establecido e das prórrogas que, no seu caso, se conceden, o Concello de Vigo poderá adquirir, todo ou parte, do material móbil, afecto ó servizo, que se encontre total ou parcialmente, pendente de amortización, ou ben determinar que o mesmo sexa adquirido polo novo concesionario, mediante a inclusión da correspondente cláusula no Prego de Condicións que, a tal fin, se elabore. Tamén poderá determinar que o devandito material quede no poder do concesionario.

No suposto que a Administración municipal concédente materialice a facultade de reversión, prevista no parágrafo precedente, ben directamente ou a través do novo concesionario; a valoración dos bens fixarase mediante diferenza entre o seu valor histórico ou de adquisición e os fondos de amortización acumulados aplicados.

A finalización do prazo concesional ou as súas prórrogas, se procederan, os terreos e instalacións pasarán a disposición do Concello de Vigo, trasmitíndolle a propiedade o concesionario libre de todo tipo de cargas e gravames, mediante escritura pública e sendo a totalidade de tódolos seus gastos sucesivos, ata a inscrición no Rexistro da Propiedade, a cargo do adxudicatario.

O adxudicatario deberá acreditar a plena disposición dos terreos no momento da presentación de ofertas; xustificando a titularidade dos mesmo, así como a idoneidade das instalacións no devandito momento ou no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da licitación.

Con 24 meses de antelación a finalización da concesión, o Concello de Vigo designará un interventor ou interventores técnicos da empresa concesionaria, ó obxecto de vixiala conservación das instalacións e o material, e informará á Corporación sobre as reparacións e reposicións necesarias, requirindo ó concesionario para que as efectúe nos prazos previstos.”

Polo exposto e de conformidade co disposto no paragrafo último da mencionada clausura procede a designación dun interventor ou interventores técnicos da empresa concesionaria

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Polo anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO

PRIMEIRO: Designar como interventores da empresa Viguesa de Transportes S.L.: a Xefa do Servizo de Transportes Dona Carmen Pintado Garcia, e aos Enxeñeiros de Caminos Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños, a fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 58 do prego de condicións que rexe a concesión.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesados, así como a empresa concesionaria Viguesa de Transportes S.L. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(339).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1672/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez